

TEXTO

“Así é como o xénero humano vese rapidamente levado cara a sociedade política a pesar de todos os privilexios de que goza no estado de natureza, porque mentres permanecen dentro deste a súa situación é mala. Por esa razón, é raro encontrar homes que permanezan durante algún tempo en tal estado. Os inconvenientes a que están expostos, dado que calquera deles pode poñer por obra sen norma nin límite o poder de castigar as transgresións dos demais, os impulsan a buscar refuxio, a fin de salvagardar os seus bens, nas leis establecidas polo goberno. Isto é o que fai que cadaquén estea disposto a renunciar ao seu poder individual de castigar, deixándoo en mans dun só individuo elixido entre eles para esa tarefa, e aténdose ás regras que a comunidade ou aqueles que foron autorizados polos membros da mesma establezan de común acordo. Aí é onde radica o dereito e o nacemento de ambos poderes, o lexislativo e o executivo, e tamén o dos gobernos e o das mesmas sociedades políticas.

No estado de natureza, deixando de lado a liberdade que ten de gozar de praceres sinxelos, o home posúe dous poderes. O primeiro deles é o de facer o que ben lle parece para a súa propia salvagarda e a dos demais, dentro da lei natural. Por esta lei común a todos, el e todos os demais homes forman unha soa comunidade, constitúen unha soa sociedade, e iso distíngueos do resto de criaturas.

(...) O outro poder que o home ten no estado de natureza é o de castigar os delitos cometidos contra a lei. Pero o home renuncia a eses dous poderes cando entra a formar parte dunha sociedade política particular...”

(John Locke, Segundo tratado sobre o goberno)

1. Explica a expresión “sociedade política” que utiliza Locke neste fragmento. O estado de natureza do que fala o autor, ¿constitúe unha sociedade política?, ¿cabería falar tan sequera de sociedade? Razona as respostas. Explica o termo “bens” empregado no texto. ¿Que concepto equivalente acostuma a utilizar Locke nos seus escritos políticos? Segundo o que se desprende deste fragmento, ¿que relación existe entre os bens e a sociedade política?, ¿cal sería a finalidade da asociación política, en opinión de Locke?
2. Falando do estado de natureza, ¿por que se di que “mentres permanecen dentro deste a súa situación é mala”? ¿Cales son os perxuízos ou desvantaxas que se derivan de estar os individuos no estado de natureza, segundo o que se afirma no texto? ¿Que remedio encontran os individuos, ao fío do que di o autor, aos males inflixidos polo estado de natureza? ¿Que función ou papel xoga o concepto de estado de natureza nas teorías do contrato social? Con outras palabras, ¿para que se serven deste concepto os pensadores

contractualistas, como por exemplo Hobbes, Locke ou Rousseau? ¿Que feito ou realidade de carácter político intentan explicar as teorías do contrato social?

3. Explica a expresión “lei natural” que figura no texto. ¿A lei natural é unha lei positiva, isto é, política? Xustifica as respostas. ¿En que ámbito ou espazo rexe esa lei natural? Tamén Hobbes falou das “leis de natureza”, ¿que son e cal é a súa finalidade?, ¿por que lle dá ese nome?, ¿quen elabora esas leis?, ¿que facultade ou capacidade humana intervéen decisivamente na súa elaboración, segundo Hobbes?
4. ¿A que poderes renuncian os individuos para crear a sociedade civil? Explica a cuestión e apoia as túas explicacións con sendas citas extraídas do texto. ¿Os individuos renuncian tamén aos seus dereitos naturais? Xustifica a resposta. No texto menciónanse os poderes lexislativo e executivo, ¿trátase de poderes naturais que posúen os individuos en estado de natureza? Argumenta a cuestión seguindo os argumentos da teoría política de Locke. En base ao texto, ¿poderíase afirmar que Locke defende a división de poderes? Xustifica a resposta.